

andainas

COÑECE A COSTA DA MORZE 2019

ABRIL

Sábado 13 Vimianzo “Vía Mariana”

O Concello de Vimianzo propón realizar a Vía Mariana, no tramo que descorre polas terras de Vimianzo entre o Orbellido e Berdoias, co obxecto de dar a coñecer esta ruta que se inicia na cidade de Braga (Portugal) e remata na localidade galega de Muxía. Concretamente, o tramo de Vía Mariana que vai dende o Orbellido a Berdoias ten unha distancia de case 14 km, dos que o 50% descorren por camiños e o outro 50% por pistas asfaltadas de escaso tráfico. Durante a andaina teremos a ocasión de visitar a Igrexa de Santo Antoiño de Baiñas, así como o Dolmen da Casota de Freans (Berdoias) datado entre o 2.500 e o 2.000 a.C.



INSCRICIÓNS

No teu concello (no caso de non pertencer a ningún dos concellos organizadores, poderás inscribirte en calquera deles).

A partir de 7 anos, cunha persoa adulta responsable (ata 16 anos), debendo asinar a autorización o/a titor/a legal.

O prazo de inscrición rematará o xoves previo á realización da actividade ás 13 horas